

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 2º de E. Primaria do CEIP Plurilingüe A Cristina de Carballo, A Coruña, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Na aula de Relixión, antes aula TIC, non hai proxector, nin mobiliario axeitado a cada nivel educativo. Por iso, usamos outras dependencias do centro como a biblioteca, patio,...

Marco da Normativa Estatal no que se engloba:

. Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

. Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE), de 29 de decembro, pola que se modifica a actual Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

. Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

. Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

Marco da Normativa Autonómica

. Currículo de Educación Primaria (Decreto 155/2022, do 15 de setembro; DOG do 26/09/2022)

. Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

. Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

. Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

. Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Currículo de Relixión Católica

. Resolución de 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria.

O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas

primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaginar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, escóitaa das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os libros ensinannos.	Aprenderemos que a Biblia é o libro sagrado dos cristiáns. Nela Deus fálanos e ensinanos. Onde atopamos historias de Deus e os seus amigos? Coñeceremos aos evanxelistas, autores dos evanxeos. Invitaremos ao alumnado a que se comprometa e se esforce máis na súa vida cotiá.	16	5	X		
2	Gústame a túa amizade.	Nesta unidade descubriremos que Deus escolleu a Abrahám para formar un gran pobo. Deus amosa a súa amizade cara o seu pobo a través da escoita, o coidado, o acompañamento e a protección. Partiremos da relación entre santa Clara e san Francisco de Asís como exemplo de verdadeira amizade e invitaremos ao alumnado a reflexionar sobre a amizade.	14	5	X		
3	Recibo boas mensaxes.	Reflexionando sobre como nos relacionamos coas persoas da nosa contorna, e como recibimos e transmitimos mensaxes positivos enlazaremos coa boa nova do nacemento de Xesús e como Deus envía ao seu Fillo para ser o noso Salvador. Deus cumpre a promesa feita ao seu pobo co nacemento do seu Fillo Xesús.	15	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Recibo boas mensaxes.	Traballaremos a humildade e invitaremos ao alumnado a comprometerse a practicala.	15	5	X		
4	Falo con serenidade e axúdote.	Partindo de momentos de serenidade en situacións cotiáns coñeceremos como Xesús nos ensina a rezar o Nosopai. Xesús explica o Reino de Deus con parábolas e descubriremos que curou enfermos, axudou aos pobres e ensinounos a amar e perdoar. Xesús de Nazaret facía o ben aos demais e nós debemos compadecernos de quen precisen axuda.	14	5		X	
5	Comezo unha nova vida.	A identificación de situacións que nos fan felices no día a día serve como punto de partida para reflexionar sobre como a felicidade que supón a resurrección de Xesús. Descubriremos que a resurrección de Xesús sálvanos do pecado e amósanos un camiño de felicidade que nos leva a Deus. Comprometémonos en facer felices aos demais.	15	5		X	
6	Son a túa familia: xestos de amor.	Descubriremos que a Igrexa é a gran familia de todos os bautizados e coñeceremos cales son os símbolos do sacramento do bautismo. Xesús ensinounos a amar mediante os seus actos e as súas palabras: para amar a Deus hai que amar ao próximo. Comprometeremos a practicar a xenerosidade e amosar xestos de cariño.	14	5			X
7	Regálasme o teu espírito.	Nesta derradeira unidade identificaremos distintos comportamentos que temos as persoas en situacións similares e reflexionamos como se senten. Descubriremos que Deus enviou ao Espírito Santo sobre os apóstolos o día de Pentecosté e así naceu a Igrexa. Intentaremos ter afouteza ante as dificultades.	12	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os libros ensinannos.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É capaz de esforzarse máis na súa vida diaria para ser autónomo e responsable.	TI	100
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Amosa actitudes de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as.		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrindo o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Respecta a Biblia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Recoñecemento da Biblia, Palavra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo. - A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Actitudes e accións que promoven a fraternidade. - Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.

UD	Título da UD	Duración
2	Gústame a túa amizade.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Mostra actitudes de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	É autónomo e, ademais está pendente de coidar e de colabora cos demais, se é preciso.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	É capaz de expresar, empregando diversas linguaxes, a amizade e o amor como fixo Abrahám.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá. - Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.

UD	Título da UD	Duración
3	Recibo boas mensaxes.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as. Descubre e nomea situacións nas que transmitimos e/ou recibimos mensaxes positivas. Recoñece o que é unha boa nova.		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Aprecia a riqueza cultural nas expresións artísticas relacionadas co Nadal.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica costumes e tradicións do Nadal. Recoñece a Xesús coma o agasallo mais importante do Nadal. Sabe nomear, sinalar cales foron os regalos dos Reis Magos a Xesús.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - Xesucristo, centro da mensaxe cristiá. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
4	Falo con serenidade e axúdote.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Trata por igual, con afecto, cariño e boas palabras aos seus compañeiros/as. É quen de axudar aos demais.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	É capaz de expresar, empregando diversas linguaxes, a amizade e o amor como fixo Xesús. Nomea algunha oración (Nosopai, Avemaría).	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
5	Comezo unha nova vida.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	É autónomo e, ademais está pendente de coidar e de colabora cos demais, se é preciso.	TI	100
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Nomea algúns acontecementos importantes da vida de Xesús durante a súa paixón. É quen de perdoar en distintas situacións.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica tradicións e costumes de Semana Santa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade. - Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas. - Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.

UD	Título da UD	Duración
6	Son a túa familia: xestos de amor.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É capaz de esforzarse máis na súa vida diaria para ser autónomo e responsable.	TI	100
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as. Comprende a mensaxe "Amarás ao teu próximo como a ti mesmo" e intenta poñela en práctica.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Relaciona imaxes cun relato bíblico lido en aula e sabe recoñecer emocións, sentimentos, comportamentos de amor hacia os demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes. - A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Biografía significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
7	Regálame o teu espírito.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as. Descubre e nomea situacións nas que o Espírito Santo nos axuda. Recoñece que os apóstolos son un grupo unido de amigos de Xesús.	TI	100
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	É quen de narrar, coa súa linguaxe, algunha situación de dificultade. Amosa fortaleza ante as dificultades.		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	É quen de identificar manifestacións artísticas que recordan a Xesús, aos apóstolos, ao Espírito Santo. Sabe comparalas e descubrir elementos que teñan en común.		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Manifesta respecto ao describir as festas do seu pobo como tradición vivida e compartida en comunidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna. - María, a Nai de Xesús. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promócionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e,

utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguindo RETOS.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI. As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propoñer accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado.

A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) Os principios metodolóxicos:

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula.

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado – mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En Relixión, o alumnado iniciase no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndoo nos símbolos e signos da súa contorna, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma. Baseada en proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.

Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. Ó mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

- Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.
 - Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, despertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.
- Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas ...
- Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía.
 - Un punto que considero importante é que tamén atenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.
 - Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4, ``Enseño básico`` sinalase ``Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe``.

b) O agrupamento dos alumnos

- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Traballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula este curso estableceréinos en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade. Establecerei agrupamentos fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor/a na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

c) Organización dos espazos e tempos

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o máis flexible posible, dentro das condicións nas circunstancias especiais que puidesen xurdir ao longo do curso e, adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Reli, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais e humanos

Recursos espaciais
Distintos recursos materiais
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Material informático e recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais e medios audiovisuais

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE “Ensino básico” sinalase “Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe”.

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores, do propio centro educativo ou doutros centros; e familias ou visitas, e organizacións e/ou institucións, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna, en beneficio do noso labor docente.

*Recursos espaciais: A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de Relixión, aula de convivencia, pabillón e outros espazos da contorna.

*Distintos recursos materiais:

-Coma material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, cadeiras, paneis, xogos e quebracabezas, Biblioteca de aula...

-Material impreso, coma os libros de texto ou de consulta, dicionarios, a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), láminas de apoio visual...

-Material funxible e variado: lapis, goma de borrar, caderno, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores... plastilina e outras pastas de modelar, cola, pegamento, tesoiras,...

-Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...

*Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recolleemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida re utilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar seus propios xogos ou adornos.

*Material informático e recursos tecnolóxicos coma ordenador con conexión a internet, robots educativos coma o escornabot ou ozobot... gafas de Realidade Virtual, encerados dixitais, proxectores, canón de video, tablets...

* Recursos dixitais e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC. Estes recursos para a maioría do alumnado son motivadores e facilitan a adquisición de contidos e colaboran no reforzo de aprendizaxes adquiridas: Apps como a “Biblia infantil”, páxinas web, CDs, libros dixitais, enciclopedias online, xogos informáticos, plataformas online, a aula virtual e blogue, a luz negra, vídeos educativos, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina nas primeiras semanas do curso mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información do desenvolvemento de cada alumno e alumna.

-Recollida de información nas entrevistas iniciais do profesorado coas familias ou a través dos titores, para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

A avaliación inicial vai dar unha idea das capacidades e as actitudes do alumnado co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades. Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención máis específicas, e de recuperación, que considere máis oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	14	15	14	15	14	12	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será global, continua e formativa. Guíome pola Orde do 26 de maio do 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- Global: a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos.

- Continua: debo ser coñecedora do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada neno/a.

- Formativa: empregarei a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe ás características persoais de cada neno/a.

A avaliación lévase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva.

· Observación directa e sistemática : escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

· Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo...

· Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais...) en:

• Fichas de actividades de cada U.D.

• Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre

• Pequenos traballos/Traballo cooperativo

Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros.

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grao) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a)Parte actitudinal:

45%

Aproveitamento do tempo.

Esfuerzo, actitude e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as
Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 15%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 30%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

d) Comportamento en xeral na aula + 10%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de "avaliación continua", como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

As Cualificacións serán segundo a citada Orde, os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Criterios de recuperación:

Como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectamos, en calquera momento do curso, que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceréi as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

O alumnado que o precise, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, aula virtual... con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, antes de que finalice cada UD., solicitaréi axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

.Co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.

.Nas devanditas contornas a Administración procederá a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

.O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

. Os mecanismos de apoio e reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe serán tanto organizativos como curriculares e metodolóxicos. Entre eles poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación

curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

.Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

.Propoñeranse actividades moi sinxelas, máis manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

.Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade e formación estética	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escritas, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.16 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer!	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- * Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- * Igualdade entre mulleres e homes.
- * Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Competencia dixital.
- * O fomento da creatividade e a formación estética, no alumnado.
- * Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental.
- * Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio.
- * Comprensión da lectura. A comprensión lectora, que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- * Expresión oral e escrita, positivas.
- * Fomentarse o espírito científico, e o emprendemento social e empresarial.
- * Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.
- * Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- * Educación emocional e en valores.
- * Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade.

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebración de festas do calendario litúrxico (Advento, Nadal, Coresma, S.Sta e Pascua) e do calendario escolar (Samaín, Magosto ou San Martiño, Día da Paz...)	X	X	X
Belén, panxoliña	Se podemos, gravaremos na radio a historia do Nadal e/ou unha panxoliña.	X		
Lecturas felices	Faremos, durante algunhas horas de ler, diferentes lecturas axeitadas a súa idade uns a outros, colectivas, a outros nenos e nenas doutra aula,... para favorecer a amizade, solidariedade, compañeirismo,...			X

Observacións:

Coa realización de actividades complementarias e extraescolares preténdese conseguir, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Favorecer o desenvolvemento de elementos transversais.
- Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son fundamentais na convivencia.
- Fomentar unha autonomía ampla e promover interese pola cultura e os servizos, no alumnado.
- Complementar o currículo das diferentes áreas non curriculares, contribuíndo no seu desenvolvemento integral con actividades lúdicas.

Actividade e descrición. Algunhas propostas a modo de exemplo:

- Conmemoracións: Celebración de festas do calendario litúrxico (Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua) e do calendario escolar que se celebren no centro (Samaín, Magosto ou San Martiño, Día da Paz...)
- Nadal: intentaremos gravar na radio escolar unha obriña sobre o nacemento de Xesús e/ou algunha panxoliña.
- Lecturas felices.

Co obxectivo de fomentar valores como a solidariedade, a amizade,...faremos lecturas durante as horas de ler entre o alumnado de forma conxunta, en pequenos grupos e incluso con compañeiros/as doutras aulas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas no proceso de E-A.
Os procedementos e instrumentos de avaliación, son axeitados .
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.
Avalío constantemente a miña propia práctica docente.
Metodoloxía empregada
Incorporación axeitada das Novas Tecnoloxías no proceso de E-A.
Tento facer as clases amenas e motivadoras.
Priorizo os valores cristiáns e os procedementos, sobre os conceptos.
Emprego ferramentas TIC como elemento motivador e para afianzar coñecementos.
Medidas de atención á diversidade
Téñense en conta as características particulares de cada alumno/a.
A atención é personalizada,e axeita á diversidade do alumnado.
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente.
Utilizo medidas de atención á diversidade.

Clima de traballo na aula
O alumno/a participa activamente de todo o proceso.
O alumnado traballa en equipo cos seus compañeiros/as.
Consigo que o alumnado se implique e traballe ben en equipo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballo en equipo con outros compañeiros/as do Claustro.
Busco un clima de benestar cos meus compañeiros e compañeiras.
Implico as familias en todo o proceso.
Outros
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.

Descrición:

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica.

A normativa recolle que “o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes” polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante o proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír o proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo...

*Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais...) en,

- Fichas de actividades e xogos de cada U.D.
- Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre.
- Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo.
- Traballo cooperativo.
- Manualidades, pasatempos.
- Xogos de mesa, de creatividade.
- Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, na aula virtual...

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática

e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotarios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaréinas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado.

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades existe a posibilidade de facer axustes de rateos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.

*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, levarase a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.

- Existe unha distribución temporal equilibrada.

- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.

- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.

- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs).

* Regulación da práctica docente

-Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .

- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados.

- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da

aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

* Aos alumnos.

* Ás familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.

- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados

1. Nada que indicar

-